

IV CONCURSO LITERARIO CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

O Equipo de Igualdade e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega convocan o **IV Concurso literario contra a violencia machista** dirixido a todo o alumnado (ESO, Bacharelato e ciclos de FP) coa finalidade de crear conciencia en valores de igualdade e contra a violencia machista.

PARTICIPACIÓN

Elaboración e presentación dun **RELATO**:

- **IMPORTANTE:** O relato debe comezar coa frase “E pechou a porta...” (galego) ou “Y cerró la puerta...” (castelán)
- Pode estar escrito en lingua galega ou en lingua castelá.
- Debe ter un mínimo de 20 liñas e un máximo de 25.
- Todos os textos deben ser orixinais e inéditos.
- Tipo de letra: Times New Roman 12 p. e interlineado: 1.5 mm

PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

Prazo: Ata o 1º recreo do venres 17 de novembro.

Lugar: Vicedirección.

Modo: Meter nun sobre o relato e un folio co pseudónimo, o nome completo e o curso ao que pertences. Pola parte de fóra do sobre escribes o teu pseudónimo e **IV Concurso literario contra a violencia machista**

Un xurado, formado polo **Equipo de Igualdade e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega** elixirá os textos gañadores de cada categoría, tendo en conta os seguintes criterios:

- Adecuación ás pautas establecidas
- Calidade literaria.
- Orixinalidade.

CATEGORÍAS

1ª CATEGORÍA: 1ºESO, 2º ESO, 3ºESO e FP BÁSICA I

2ª CATEGORÍA: 4º ESO, FP BÁSICA II, 1º BACH, 2º BACH, FP C. MEDIO e FP C. SUPERIOR.

PREMIOS PARA CADA CATEGORÍA

1ºPREMIO: UN VALE DE 40€ PARA A CAFETERÍA DO CENTRO OU PARA A LIBRERÍA CATIVOS.

2ºPREMIO: UN VALE DE 20€ PARA A CAFETERÍA DO CENTRO OU PARA A LIBRERÍA CATIVOS.